

DILIXENCIA

Heriberto García Porto, director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo fago constar:

-Que no *Diario Oficial de Galicia* núm. 103, do xoves 3 de xuño de 2021, foi publicada a Resolución do 28 de maio de 2021 pola que se anuncia a poxa pública para a compravenda e/ou constitución do dereito de superficie en parcelas resultantes do proxecto de parcelación da zona denominada Área Loxística Empresarial da Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra de Miño-As Neves (expediente PLISAN 2021/compravenda-(2)-LE).

-Que no punto 6. "Obtención de documentación" da citada resolución establece que o prego de condicións polo cal se rexe esta poxa, os seus anexos figurarán na páxina web do IGVS (<http://igvs.xunta.gal/web/igvs/plisan>), desde o momento en que o anuncio se publique no *Diario Oficial de Galicia*.

-Que unha vez advertidos erros no informe de valoración das parcelas da PLISAN, cómpre facer a corrección no Anexo I "PARCELAS DE POXA" do citado prego de condicións, no que atinxe os prezos das parcelas co núm. LE-5.9, LE-7.12 e LE-9.8, que quedan establecidos do seguinte xeito:

NÚMERO DE PARCELA	SUPERFICIE (m ²)	PREZO TOTAL (€), IVE EXCLUÍDO
LE-5.9	20.901,79	1.112.184,28
LE-7.12	3.386,16	242.821,49
LE-9.8	2.824,52	202.546,33

E para que así conste, asínase a presente dilixencia na data indicada na sinatura electrónica.

